

La gritona Reina de Corazones gobierna de forma implacable el país maravilloso al que llega Alicia cuando se queda dormida y comienza a soñar.



CARROLL

Un apasionado de las Matemáticas, la Fotografía y los niños

S. M.

Lewis Carroll nació en la Inglaterra de la reina Victoria en el seno de una familia numerosa: él era el mayor de 11 hermanos, todos ellos tartamudos. A los 18 años ingresó en la Universidad de Oxford, en la que permaneció durante casi 50 años. Gran aficionado a las Matemáticas, se dedicó a enseñarlas al tiempo que se ordenaba diácono de la Iglesia Anglicana, aunque no llegó a ser sacerdote. Dormía muy mal por las noches y sufría migrañas (algunos han querido ver en estas migrañas la causa de las alucinaciones y de su fantasía tan desbordante). Con su verdadero nombre, Dogson, publicó obras de Matemáticas y Lógica. De pequeño había escrito poemas. Le encantaban los niños, a los que escribía largas cartas y sentía pasión por la fotografía. Murió el 14 de enero de 1898 en Guilford (Inglaterra) debido a una afección que había adquirido en las vías respiratorias.



Reseña do artigo, aparecido no suplemento AULA do periódico "El mundo" (26-01-2001)



A EXPOSICIÓN
**"DURÁN LORIGA,
 MATEMÁTICO E CORUÑÉS"**
 EN PORTAS ÁRTABRAS
 ASOCIACIÓN DE AMIGOS DOS MUSEOS

O pasado día 26 de xaneiro de 2001, o profesor **Don Ricardo Mariño Caruncho** pronunciou, na sede dos Amigos dos Museos de Galicia, unha conferencia arredor da figura de Juan Jacobo Durán Loriga, matemático coruñés.

Coincidindo con esta data expuxéronse ó público nese local (situado no número 22 da rúa da Sinagoga, a carón da ábsida da Colexiata de Santa María do Campo) os 16 paneis que conforman o traballo sobre Durán Loriga, realizado no **IES Ramón Otero Pedrayo** no pasado curso. A exposición permanecerá aberta ata o 28 de febreiro de 2001.



PENSAR É DIVERTIDO

Velaquí dous divertidos quebracabezas matemáticos atribuídos a Tartaglia:

Pablo Seijas Coira. 3º B.

Maridos Celosos.


Tres matrimonios (nos que os maridos son moi celosos) queren atravesar un río nunha barca na que caben, como moito, dúas persoas. Planifica como face-lo cruce se non se pode deixar a ningunha muller en compañía dun home sen que o seu marido estea presente.

O Reparto.


Tres persoas queren reparti-lo aceite que hai nunha garrafa de 24 litros. Determina como pode facerse o reparto se dispoñen de tres vasixas baleiras de 5, 11 e 13 litros.

O XOGO DAS FORMAS CHINESAS

TANGRAM



INTERNET MATEMÁTICAS NA REDE



<http://personal5.iddeo.es/ztt/index.htm>

Cun gran deseño e cunha gran cantidade de seccións preséntase a páxina de internet que agora vos comento un pouco.

Conta con varias seccións. Entre elas destacarei a destinada a "resumes", na que atoparedes esquematizados temas como probabilidade, matrices, etc...

É unha das mellores páxinas sobre matemáticas que poderedes atopar na rede, incluso mellor que algunha das que comentei noutros números desta revista escolar.

E xa para finalizar gustaríame resalta-lo seu deseño, elemento condicionante á hora de navegar pola mesma.

GIROLAMO CARDANO

Foi un médico, matemático e filósofo italiano que naceu en Padua en 1501 e morreu en Roma no 1576.

Fillo ilexítimo do avogado e matemático Fazio Cardano e Chiara Micheria, ingresou na universidade de Pavia en 1520 para iniciar os estudos de menciña e matemáticas, en contra da vontade de seu pai que desexaba que estudiasse leis. Exerceu menciña en Pavia, Milán e Bolonia, doutorándose na universidade de Padua. Despois disto adquiriu unha cátedra de matemáticas en Milán (1534).

Cardano casou no ano 1531, a súa situación económica non era moi boa e viu-se empeorada aínda máis pola súa desmedida afección ó xogo das cartas e dos dados, o que lle levou a vende-los mobles e as xoias da súa muller.

Foi encarcerado no ano 1570 por mor das débedas que non podía pagar. A causa dos seus vicios, nos seus últimos

anos, tivo que solicitar que o meteran entre reixas.

Practicaba a astroloxía e a adiviñación (chegando a facer un horóscopo de Xesucristo, este feito levouno ó cárcere por herexe). Dise que predicciu o día da súa morte e que, ó non acerta-lo, deixouse morrer de fame. En astronomía sostivo opinións tan orixinais como atrevidas, debido ás súas crenzas na astroloxía.



Pero os seus traballos e descubrimentos matemáticos bastan para que o seu nome sexa inmortal. Atribúenselle a resolución de ecuacións de terceiro grao, que Tartaglia di que lle roubou, pero ninguén discute que se lle debe a súa demostración, polo que leva aínda hoxe en día o nome de "Fórmula de Cardano". A álgebra débelle notables adiantos.

O catálogo completo das súas obras impresas ascende a a máis de 200 e versan sobre varias materias, especialmente de menciña. En 1545 publicou o seu maior traballo matemático: *Ars Magna*.

MARTA VIDAL SEOANE e CRISTINA VILARES SELJO. 3ºB

FRANÇOIS VIÈTE

François Viète naceu no ano 1540 en Fontenay-le-Comte (Francia), e morreu en 1603. Foi considerado unha figura dominante e central deste período.

Fillo dun fiscal, estudou na escola de Fontenay. En 1560, despois de estudar dereito en Poitiers, inscribiuse como avogado na súa cidade natal. En 1564 abandonou esta profesión para entrar ó servizo da casa de Soubise. Neste emprego, encargouse principalmente de redactar un informe sobre o mandato do señor Soubise en Lyon, así como das *Memorias da vida de Jean Parthenay, señor de Soubise*, e unha *Xenealoxía da casa de Parthenay-Lusignan*. Viète dirixiu a educación da filla de Jean e redactou uns cadernos de leccións co nome de *Principios de cosmografía*. No 1571 foi avogado no Parlamento de París e en 1573, conselleiro no de Rennes.

Empezou traballando en **astroνομía e en trigonometría**, así concibi-

biu o seu *Harminicon coeleste matemático*. Neste mesmo período (1579) empezou o seu *Canon mathematicus seu ad triangula*, obra na que se observase unha utilización sistemática dos **números decimais**. Ademais de deducir a apotema dun polígono regular de 96 lados, a obra que fixo famoso a Viète foi sen dúbida o seu tratado sobre álgebra *In artem analyticam isagoge*, no 1591. Nel utiliza letras para simbolizar cantidades tanto coñecidas como descoñecidas, usando as vocais para as incógnitas e consonantes para as cantidades coñecidas.



Nunha das súas últimas obras, *De numerosa potestatum as exegesis resolutione*, no 1600, proporciona un método de aproximacións sucesivas dunha raíz.

Viète non foi un matemático profesional, pero as súas contribucións ó campo da álgebra, a trigonometría, a teoría das ecuacións e a xeografía convertírono na figura máis salientable deste período de transición.

Ana Temperán Galbán. 3ºB.

Niccolo Fontana (Tartaglia).

Brescia (Italia) 1499 - Venecia (Italia) 13/12/1557.

Matemático italiano nacido en Brescia. Foi un dos descubridores da solución da ecuación de terceiro grao.

Coñécese como Tartaglia (O Tatego) polo seu defecto na fala, debido ás feridas que lle causou, cando era neno, un soldado francés durante a invasión da súa cidade natal.

Tartaglia ensinou matemáticas en varias universidades antes de instalarse en Florencia no ano 1542. Escribiu sobre artilería e traduciu os Elementos de Euclides. Revelou o seu método de resolución de ecuacións de terceiro grao a outro famoso matemático renacentista, Girolamo Cardano, e este publicouno no ano 1545 polo que se coñece como "fórmula de Cardano". Sen embargo, o mérito do descubrimento debería recaer probablemente sobre o matemático italiano Scipione del Ferro.

Araceli Romarís Rodríguez, 3ºB




Póngame un kilo de matemáticas

Autor: **Carlos Andradás Heranz**

Editorial: **SM**

As matemáticas teñen mala fama... e iso é totalmente inxusto. Todo é matemáticas: desde o número dos latidos do noso corazón ata as órbitas dos planetas. E este libro pretende demostrar que nelas



hai algo máis que fraccións e ecuacións, para devolvelas ó punto que merecen no corazón da xente nova.

Nel poderedes atopar: "O misterio do cadrado máxico", un relato ambientado no século XII, na Casa da Sabedoría de Bagdad, onde alguén descobre un segredo que podería botar por terra todas as teorías do gran mestre Algoritmi...; 20 preguntas e respostas con todo o esencial que hai que saber sobre as matemáticas; "A garita do desvergoñado", un montón de curiosidades complementarias para aqueles que non teñen ningún reparo en que vos chamen "sabelotodo"; xogos, notas, tests...

Un libro entretido e moi interesante, recomendado para tódolos rapaces e rapazas maiores de 12 anos que adorades ou odiades as matemáticas, co que poderedes comprobar que saber tamén serve para divertirse e que o mundo sen matemáticas non só sería moi aburrido, senón imposible.


Verónica Rojo Oróns. 4ºA

PUNTOS E RECTAS NOTABLES NUN TRIÁNGULO (II)

A **altura dun triángulo** é a medida do segmento que ten un extremo nun vértice e o outro no lado oposto, sendo perpendicular a ese lado. Ás veces denomínase **altura do triángulo** á **recta que contén ó segmento citado**.




nase altura do triángulo á **recta que contén ó segmento citado**.





recta que contén ó segmento citado.

As tres alturas dun triángulo córtanse nun punto, O, que se denomina **ORTOCENTRO**.



CENTRO. O ortocentro pode quedar dentro ou fora do triángulo.



dentro ou fora do triángulo.